

Inventario Artístico de Lugo y su provincia, tomos V e VI. Ministerio de Cultura. Madrid, 1983. De 546 e 498 páxinas con planos e láminas en branco e negro.

O Real Decreto de 1 de xunio de 1900 ordenaba que se procedera á formación dun Catálogo Monumental e Artístico de España, escomenzándose daquela por Avila. O longo do século, diversas normativas insisten de novo na necesidade dos inventarios como premisa básica pra defensa e protección do patrimonio histórico-artístico, se ben a súa realización quedaba case sempre en boas intencións.

Agora, como fruto da programación da Dirección General de Bellas Artes do Ministerio de Cultura, rematan de saír do prelo os derradeiros tomos do **Inventario Artístico de Lugo y su provincia**, publicación que se escomenzou no ano 1975 motivando logo algunha interpelación parlamentaria a causa da súa interrupción. Deste xeito, ponse fin a un traballo moi útil e necesario aínda que incompleto nalgún aspecto, feito que ven dado pola limitación do tódoo do inventario.

Os autores da obra foron Santos San Cristóbal Sebastián, Nicanor Rielo Carballo, José Manuel González Reboredo e Elías Valiña Sampedro, encargándose este último da dirección do equipo.

Os tomos que agora se nos ofrecen son o V e VI, abranguendo desde Pacio (Friol) a Senande (Antas de Ulla) e desde Seoane (Folgoso do Caurel) a Zoo (Baralla) respectivamente, pois seguen a mesma estrutura dos anteriores, isto é, un orden alfabético de parroquias nas que se detallan e describen mostras arquitectónicas, imaxinería e orfebrería relixiosa existentes nas mesmas, complementándose con planos, mapas e fotos que contribúen a dar unha visión máis pormenorizada de todos aqueles obxectos e edificios que se reseñan.

Esta obra, de indudable valor, é concebida pola súa presentación como un traballo de consulta que nos ofrece unha rápida e precisa mostra da riqueza monumental da parroquia elexida; constituindo, desde logo, un libro aconsellable e obrigado para calquer investigador que -como dín os autores- queira dispoñer dunha valiosa fonte que lle sirva de guía, a pesares de que moitos dos bens catalogados (xa sexan mobles ou inmobles) desapareceron xa, debido á desidia e abandono que, como nota característica, presenta o noso patrimonio histórico-artístico.

FERNANDO ARRIBAS ARIAS

II Seminario de Arqueología del Noroeste. Ed. Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes y Archivos. Madrid, 1983. 336 págs., láminas y grabados.

Aunque con casi tres años de retraso, salen ahora a la luz gran parte de las comunicaciones presentadas al "II Seminario de Arqueoloxía do Noroeste Peninsular", celebrado en Santiago de Compostela del 25 al 28 de septiembre de 1980, bajo el tema "A ocupación e organización do territorio do NO. peninsular, da Prehistoria á Alta Edade Media", y organizado por la Sección de Arqueología del Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.

Abre el libro C. Alonso del Real ("Sobre o mais antergo poboamento de Galicia"), que desarrolla, con su estilo característico, una aproximación teórica al tipo de los pobladores de la Galicia antigua, tema de difícil estudio dados los escasos